



Itinerario do emprendemento en economía social
Rede Eusumo

XUNTA DE GALICIA

Índice

O itinerario do emprendemento en economía social	3
Finalidade	3
Estrutura do itinerario.....	4
Cantas entidades socias poden integrarse no asesoramento dun proxecto?	7
Coordinación e seguimento	8
Tempo de execución do itinerario.....	9
Anexos	11
Exemplos de uso do programa Gantter	11
FICHA DE ALTA DE PROXECTO.....	13
FICHA DE SEGUIMENTO	14

O itinerario do emprendemento en economía social

Finalidade

Coa idea de establecer unha folla de ruta que defina a grandes liñas o itinerario de atención personalizada aos grupos promotores, a Rede Eusumo lanza o **itinerario do emprendemento da economía social**.

Con esta iniciativa búscase acadar a máxima eficiencia e complementariedade no uso dos recursos dispoñibles e garantir a atención adecuada en cada etapa do proxecto.

Este itinerario personalizado ou folla de ruta pode entenderse como un plan de acción que permita un aliñamento e colaboración activa e coordinada entre as entidades socias da Rede Eusumo no marco da atención a proxectos de economía social. Nel especificanse as actividades que cómpre desenvolver en cada unha das etapas do proxecto, os responsables da súa execución, o prazo estimado para a súa realización etc., de tal forma que poida servir como plan organizativo desta actividade.

O seguimento de cada itinerario personalizado e por tanto, a coordinación entre os diferentes equipos e entidades implicadas, verase facilitado ao compartir de forma colaborativa unha mesma ferramenta de xestión aplicada á implementación das actividades que se desenvolverán no marco do proxecto empresarial pertinente.

A aplicación do itinerario do facilitará as seguintes actividades:

- **Planificación das actividades** de asesoramento e de apoio aos grupos promotores entre a coordinación da Rede Eusumo e as súas entidades socias.
- **Cálculo do camiño crítico:** en todos os itinerarios existirá un camiño crítico, unha serie de tarefas que dependen unhas doutras e cuxa duración determina directamente a durabilidade daquel.
- **Provisión da información:** deseño das tarefas, planificación de recursos, información do tempo que as tarefas requirirán para a súa finalización etc.

Coa implantación do itinerario do emprendemento en economía social estanse a buscar os seguintes obxectivos:

-
- **Traballo colaborativo e en rede:** búscase a transparencia na implementación das actividades para fomentar a rapidez de reacción así como a colaboración dentro da súa execución.
 - **Cumprimento de prazos:** é fundamental ter unha visualización dos prazos de execución, saber cal é o camiño crítico etc.
 - **Planificación:** axudará a planificar o traballo e distribuír as tarefas/subtarefas establecendo prioridades.

En definitiva, o programa de xestión definido servirá para manter a calidade, o control e coordinación na implementación das actividades de asesoramento e apoio ás persoas emprendedoras que deba desenvolver por cada unha das entidades sociais.

Estrutura do itinerario

O itinerario define o contido mínimo de asesoramento dun proxecto de economía social, identificando para iso unha secuencia que corresponden co **camiño crítico dun asesoramento**.

O itinerario comprende:

→ **Secuencia modelo de negocio**

- Presentación do proxecto por parte do grupo promotor e identificación das fortalezas e debilidades do grupo, así como do perfil das persoas emprendedoras do proxecto
- Deseño do modelo de negocio
- Validación do modelo de negocio

→ **Programa de consolidación**

- Planificación estratéxica
- Xestión de proxectos de economía social
- Planificación operativa (plans de soporte e saltos de escala)

→ **Elementos transversais:**

- Viabilidade social do proxecto
- Planificación conxunta e deseño do itinerario

→ **Constitución de empresas de economía social**

Os **demandantes de este servizo** poderán ser **proxectos de economía social de nova creación, entidades de economía social** que queiran dar un salto de escala ou busquen consolidar o seu proxecto empresarial ou iniciar novos proxectos dentro da súa organización, ou **outras entidades mercantís** que **queiran transformarse en empresas de economía social**.

O itinerario comezará coa **secuencia de modelo de negocio** e unha vez superada esta **poderán tratarse os demais elementos de forma simultánea ou en calquera orden**, en función das necesidades propias do grupo e do proxecto.

No caso de que non se considere necesario abordar algunha delas debido a que o grupo promotor ou a entidade demandante xa teña traballada esa parte do proxecto (por exemplo porque xa pasou por outros programas de asesoramento, porque é unha entidade de economía social constituída que demanda de forma concreta un apoio específico, ...), **deberá xustificarse suficientemente e mediante un informe técnico este aspecto e coa conformidade co grupo promotor ou da entidade demandante** (poderanse achegar de forma complementaria documentos de traballo que acrediten as actividades xa realizadas).

No caso que o proxecto requira dunha actividade específica de asesoramento debido á súa casuística e temática, **deberase incorporar no Itinerario do emprendemento na actividade *planificación operativa* e reflectilo nas correspondentes actas e ferramentas** que a coordinación da Rede Eusumo poñerá a disposición dos seus socios para o seguimento do itinerario do emprendemento.

A continuación recóllense as actividades que compoñen o itinerario do emprendemento e os diferentes contidos que deben tratarse a modo de exemplo en cada unha delas.

Viabilidade social

Desenvolvemento do enfoque social do proxecto de forma transversal durante todas as actividades que conforman o itinerario do emprendemento

Secuencia modelo de negocio

Presentación do proxecto por parte do grupo promotor

Presentación do proxecto
Identificación das fortalezas e debilidades do grupo
Identificación do perfil das persoas emprendedoras do proxecto

Deseño do modelo de negocio

Viabilidade da idea
Análise do modelo de negocio e proposta de valor

Validación do modelo de negocio

Early Adopters ou primeiros clientes
Determinar a hipótese do modelo de negocio
Validación dos potenciais problemas
Validación das potenciais solucións

Programa de consolidación

Xestión de proxectos de economía social

Valores e principios
Normativa reguladora
Órganos sociais
Réxime económico
Xestión de persoas
Gobernanza colectiva

Planificación estratéxica

Obxectivos estratéxicos
Deseño do equipo: validación
Plan marketing
Plan económico-financieiro
Resumo executivo

Planificación operativa

Xestión económico- financeira
Comercialización, marketing e comunicación
Competitividade
Internacionalización
Financiamento (canalización e xestión de axudas, fontes de financiamento...)

Constitución de empresas de economía social

Apoio directo na constitución de empresas

Elemento transversal: Planificación conxunta e deseño do itinerario

Cantas entidades sociais poden integrarse no asesoramento dun proxecto?

Todas aquelas entidades que así o desexen e que poidan coordinarse de forma lóxica para satisfacer e optimizar o proxecto empresarial de economía social.

Aspectos que se deben ter en conta:

No caso de que saibamos desde un principio que no itinerario participarán dúas ou máis entidades sociais, ou a propia coordinación da Rede Eusumo, establecerase unha reunión de inicio conxunta para establecer a planificación e o camiño crítico que se vai abordar.

Se a necesidade de derivación a outras entidades ou á coordinación da Rede Eusumo **xorde unha vez iniciado o asesoramento** por unha soa entidade, farase unha reunión de planificación nese momento.

Toda a **documentación terá que ser rexistrada por puntos críticos** (actividades do itinerario), independentemente da metodoloxía que se utilice para o asesoramento e para percorrer o camiño crítico definido.

Para **garantir un servizo de calidade adaptado á temática propia do proxecto** a Rede Eusumo publicará un catálogo descritivo das entidades sociais que conforman a rede e as actividades que desenvolven, garantindo deste xeito un apoio especializado aos grupos promotores e poñendo a disposición dos proxectos un equipo de técnicos/as de emprendemento en economía social.

É imprescindible que os proxectos estean **asesorados por un equipo técnico de apoio e de asesoramento especializados na xestión de proxectos de economía social**, que se encargarán como mínimo en dar apoio aos proxectos na parte do itinerario asociada a a *viabilidade social e xestión de proxectos de economía social*.

Coordinación e seguimento

Para facilitar a coordinación, seguimento e xustificación do itinerario do emprendemento, a coordinación da Rede Eusumo facilitará unha ferramenta de coordinación e modelos de actas de traballo que se deberán cubrir por cada encontro de traballo cos grupos promotores dos proxectos.

- **Alta do proxecto:** para dar de alta un proxecto, no momento en que teña unha actividade suficiente, cubrirase a ficha asociada a "Alta de proxecto" e informarse mediante correo electrónico ou outros medios de contacto á coordinación da Rede Eusumo para habilitar o proxecto na ferramenta Gantter e facer constar o rexistro daquel.

Considerarase que un proxecto ten unha actividade de asesoramento suficiente cando se teñan abordado como mínimo as etapas de *presentación do proxecto por parte do grupo promotor e deseño do modelo de negocio* (ver apartado estrutura do itinerario do emprendemento).

- **Ferramenta Gantter:** é a ferramenta de seguimento e coordinación do itinerario do emprendemento en economía social. Os proxectos dados de alta incluíranse nesta ferramenta que permitirá establecer un seguimento e avaliación do asesoramento e do programa (itinerario) deseñado para tal efecto. Esta ferramenta permite entre outras utilidades:
 - Diseñar un itinerario de traballo (planificación do asesoramento)
 - Establecer o inicio e fin das tarefas e a súa duración
 - Incorporar recursos necesarios para levar a cabo as diferentes actividades.
 - Definir tarefas e fitos
 - Desenvolver un diagrama de Gantt
 - Incorporar materiais realizados e de seguimento
 - Vincular varios usuarios na xestión
 - Aloxamento na nube
 - Traballo simultáneo
 - Avisos automáticos
 - Marcar tempos de atraso e marxes temporais
- **Actas de seguimento:** para ter un control das tarefas realizadas e as reunións de traballo vinculadas ao asesoramento dos proxectos, a coordinación da Rede Eusumo

facilitará un modelo de acta de seguimento de proxectos para que sexa cuberta e asinada polo persoal técnico e os promotores/as pertinentes (ver anexo).

As actas formarán parte da documentación xustificativa da actividade de asesoramento e deberán subirse á ferramenta Ganttter, ademais de incorporalas na memoria xustificativa pertinente.

- **Informes de seguimento mensuais:** nos informes de seguimento mensuais da actividade das entidades socias da Rede Eusumo, deberanse incorporar os proxectos sempre que teñan unha actividade suficiente no mes establecendo os seguintes criterios:
 - Presentación do proxecto por parte do grupo promotor e identificación das fortalezas e debilidades do grupo, así como do perfil das persoas emprendedoras
 - Deseño do modelo de negocio (ou repaso no seu caso se o proxecto que se inicia xa ten superada esta fase)
 - Cumprimento mínimo de 10 horas (que poden incluír o tempo de realización das actividades antes descritas ou definir outras novas en función da demanda específica do proxecto)

Tempo de execución do itinerario

Duración mínima: 60 horas

- **Secuencia modelo de negocio:**
 - Presentación do proxecto por parte do grupo promotor e identificación das fortalezas e debilidades do grupo, así como do perfil das persoas emprendedoras do proxecto.
 - **Duración:** 4 horas
 - Deseño do modelo de negocio
 - **Duración:** 6 horas
 - Validación do modelo de negocio
 - **Duración:** 5 horas

-
- **Programa de consolidación:**
 - Planificación estratéxica
 - **Duración:** 14 horas
 - Xestión de proxectos de economía social
 - **Duración:** 18 horas
 - Planificación operativa (plans de soporte e saltos de escala)
 - **Duración:** 8 horas
 - **Elementos transversais:**
 - Viabilidade social do proxecto
 - **Duración:** sen duración individualizada, xa que debe traballarse desde un enfoque paralelo en cada unha das actividades que conforman o itinerario do emprendemento
 - Planificación conxunta e deseño do itinerario
 - **Duración:** 1 hora
 - **Constitución de entidades de economía social**
 - **Duración:** 4 horas

Anexos


Exemplos de uso do programa Gantter



Itinerario emprendedor 09.08.2017

Proyecto Editar Ver Acciones Baselines Extensiones Ayuda Todos los cambios han sido guardados en Google Drive

		Nombre	Duración	Esfuerzo	% Completado	Inicio	Fin	Predecesoras	Recursos
Tareas	1	<input type="checkbox"/> BLOQUE 1: Información e asesoramento	430d?	0h	35%	08/08/2017	01/04/2019		Cordinación da Rede Eusumo
	2	Recepción da consulta	1d	0h	70%	01/04/2019	01/04/2019		
	3	Tratamiento de la información consultada e resposta	1d?	0h	0%	08/08/2017	08/08/2017		
Recursos	4	<input type="checkbox"/> BLOQUE 2: Itinerario emprendedor (60h)	1.88d?	60h	0%	08/08/2017	09/08/2017		Cordinación da Rede Eusumo
	5	Fase 1: Presentación do proxecto por parte do grupo promotor	0.5d?	4h	0%	08/08/2017	08/08/2017		Cordinación da Rede Eusumo[50%],Entidade Socia da
	6	Fase 2: Validación da idea e deseño do modelo de negocio	0.75d?	6h	0%	08/08/2017	08/08/2017		Cordinación da Rede Eusumo[50%],Entidade Socia da
	7	Fase 3: Validación do modelo de negocio	0.75d?	6h	0%	08/08/2017	08/08/2017		Entidade Socia da Rede Eusumo
	8	Fase 4: Planificación estratéxica	1.88d?	15h	0%	08/08/2017	09/08/2017		Cordinación da Rede Eusumo
	9	Fase 5: Xestión de proxectos de ec. social e xestión societaria	1d?	20h	0%	08/08/2017	08/08/2017		
Calendarios	10	Fase 6: Consolidación de proxectos	1d?	8h	0%	08/08/2017	08/08/2017		Cordinación da Rede Eusumo
	11	Fase transversal: Reunión de planificación e deseño do itinerario	1d?	1h	0%	08/08/2017	08/08/2017		
Risks	12	<input type="checkbox"/> BLOQUE 4: Coordinación Xeral	41.13d?	0h	0%	08/08/2017	04/10/2017		
	13	Ficha de alta do proxecto	0d?	0h	0%	04/10/2017	04/10/2017		Entidade Socia da Rede Eusumo
	14	Actas de seguimento	0d?	0h	0%	08/08/2017	08/08/2017		Entidade Socia da Rede Eusumo



FICHA DE ALTA DE PROXECTO

Entidade socia da Rede Eusumo		
Proxecto de asesoramento conxunto con outra entidade	Entidade 1	
	Entidade 2	
Nome do proxecto		
Promotor	<input type="checkbox"/> Grupo promotor de nova creación <input type="checkbox"/> Entidade de economía social xa existente <input type="checkbox"/> Outra entidade mercantil	
Municipio		
Ámbito xeográfico de execución do proxecto		
Data de inicio do asesoramento		
Clase de entidade		
Sector da actividade		
Idea do proxecto (150 caracteres máx)		
Persoas promotoras	1	Nome e apelidos:
		DNI
		Sexo:
		Data de nacemento:
		Lugar de procedencia:
		Estudos:
	2	Nome e apelidos:
		DNI
		Sexo:
		Data de nacemento:
		Lugar de procedencia:
		Estudos:
	3	Nome e apelidos:
		DNI
		Sexo:
Data de nacemento:		
Lugar de procedencia:		
Estudos:		
Etapas na que se atopa	<input type="checkbox"/> Presentación do proxecto por parte do grupo promotor e identificación dos perfís das persoas emprendedoras <input type="checkbox"/> Deseño do modelo de negocio <input type="checkbox"/> Validación do modelo de negocio <input type="checkbox"/> Planificación estratéxica <input type="checkbox"/> Xestión de proxectos de economía social <input type="checkbox"/> Planificación operativa <input type="checkbox"/> Constitución da entidade	

FICHA DE SEGUIMIENTO

Entidade socia da rede eusumo		
Proxecto de asesoramento conxunto con outra entidade	Entidade 1	
	Entidade 2	
Técnico/a, titor/a- mentor/a		
Proxecto emprendedor		
Lugar e espazo de asesoramento		
Persoas promotoras	Promotor/a 1: Nome e apelidos	
	DNI	
	Promotor/a 2: Nome e apelidos	
		DNI
		Promotor/a 3: Nome e apelidos
		DNI
ETAPA DO ITINERARIO		
MOTIVO DA SESIÓN, CONTIDOS E/OU ACORDOS		
<p>Exemplo: MOTIVO DA SESIÓN: Revisión do plan de financiamento CONTIDOS: Xestión de tesourería, análise de crédito, definición de investimentos, ... ACORDOS: Identificar as inversión a realizar de cara a próxima reunión, definir o activo fixo, ...</p>		

DATA		DURACIÓN	
Sinatura titor/a- mentor/a:		Sinatura promotores/as:	

